

ACTA E RESUMO DE ACORDOS DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA 2021
Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia
Asemblea Telemática. Videoconferencia
27 de febreiro de 2021

ASISTENTES:

PRESIDENTA	VILABOY ROMERO, LAURA
VICEPRESIDENTA	DOMÍNGUEZ GALÁN, NATALIA Con 2 votos delegados de: Colexiada nº 3560 e Colexiada nº 3808
SECRETARIA	GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, SONIA Con 1 voto delegado de: Colexiada nº 3952
TESOUREIRA	CANEDA ZAMAR, BEATRIZ
VOGAL	ARIAS SÁEZ, SELENE
VOGAL	BOUZAS ÁLVAREZ, ANTÓN
VOGAL	CASAL FIGUEROA, LAURA
VOGAL	NÚÑEZ RÚA, ROCÍO
VOGAL	PIÑEIRO ÁLVAREZ, BELÉN
VOGAL	RAMALLAL FERNÁNDEZ, PILAR
VOGAL	RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, NOELIA
VOGAL	VARELA COSTA, PAULA Con 1 voto delegado de: Colexiada nº0125
Colexiado 1	Colexiado nº 3712
Colexiada 2	Colexiada nº 5351
Colexiada 3	Colexiada nº 3550
Colexiada 4	Colexiada nº 4851
Colexiada 5	Colexiada nº 3831
Colexiada 6	Colexiada nº 5328
Colexiada 7	Colexiada nº 4934 Con 1 voto delegado: Colexiado nº 4811
Colexiada 8	Colexiada nº 5336
Colexiado 9	Colexiado nº 3316
Colexiada 10	Colexiada nº 3879
Colexiada 11	Colexiada nº 3982
Colexiada 12	Colexiada nº 3941
Colexiada 13	Colexiada nº 3389
Colexiada 14	Colexiada nº 3221
Colexiado 15	Colexiado nº 5320
Colexiada 16	Colexiada nº 0111
AMIGAS ASISTENTES SEN DEREITO A VOTO	Participante nº 1: Amiga A/9086 Participante nº 2: Amiga A/9095

Total Asistentes: 35 (31 mulleres e 4 homes) : 28 colexiadas/os, 5 votos delegados e 2 amigas do Ceesg.

Iníciase a Asemblea o sábado 27 de febreiro de 2021 ás 10:30h.

Laura Vilaboy Romero, Presidenta da Xunta de Goberno do Ceesg, dá a benvida e presenta a asemblea, informando da Orde do día e explicando cómo serán as votacións

ORDE DO DÍA

- 1. APROBACIÓN DA ACTA DA ANTERIOR ASEMBLEA, ASEMBLEA XERAL DE 28 DE FEBREIRO 2020.**
- 2. INFORMACIÓN SOBRE A PARTICIPACIÓN NO CONSEJO GENERAL DE COLEGIOS DE EDUCADORAS Y EDUCADORES SOCIALES.**
- 3. APROBACIÓN DAS MEMORIAS TÉCNICA E ECONÓMICA 2020.**
- 4. PRESENTACIÓN E APROBACIÓN DOS PLANS DE TRABAJO 2021.**
- 5. COTAS COLEXIAIS: CONXELACIÓN DE COTAS NOS EXERCICIOS 2021 E 2022 E CAMPAÑA DE 20º ANIVERSARIO.**
- 6. PRESENTACIÓN E APROBACIÓN DO ORZAMENTO 2021.**
- 7. SUXESTIÓNS E PREGUNTAS.**

1. APROBACIÓN DA ACTA DA ANTERIOR ASEMBLEA, ASEMBLEA XERAL DE 28 DE FEBREIRO 2020.

Procédese á lectura do contido da Acta da Asemblea Xeral de 28 de febreiro de 2020.

Presenta: Laura Vilaboy Romero. Presidenta do Ceesg.

Non producíndose intervencións, procédese á votación.

ACORDO:

A votación á **Acta da Asemblea Xeral 2020** resultou favorable **con 28 votos a favor (23 de colexiadas asistentes e 5 votos delegados), 2 votos en branco e 0 en contra.**

2. INFORMACIÓN SOBRE A PARTICIPACIÓN NO CONSEJO GENERAL DE COLEGIOS DE EDUCADORAS Y EDUCADORES SOCIALES (CGCEES).

Presenta: Noelia Rodríguez Álvarez. Vogal da Xunta de Goberno do Ceesg, Vogal do Cgcees e responsable de Comunicación do Cgcees.

Procédese á explicación das actuacións levadas a cabo no Cgcees durante o exercicio 2020: Xunta de Goberno en Valencia no mes de xaneiro, Asemblea Xeral de Barcelona en febreiro e, desde marzo, co estado de alarma, mantivéronse dúas reunións mensuais virtuais de Xunta de Goberno.

Entre outros, mantivéronse encontros da Comisión de Ética do Cgcees, coa Conferencia de Decanatos de Educación, así como presenza nas reunións da Unión Profesional e a reactivación dos convenios coa UNED.

Con motivo da pandemia centráronse na recompilación de información e recursos que ían xurdindo para poder traballar durante este periodo.

No exercicio 2020 presentouse a nova páxina web eduso.net.

A axenda política centrouse en encontros con todos os Partidos Políticos con representación no Congreso dos Deputados para recabar o seu apoio ás emendas preparadas polos Colexios Profesionais de Educación Social en referencia á nova *Lei de Educación* e á *Lei de Protección á Infancia e Adolescencia fronte á Violencia*. O único partido que presentou as emendas preparadas foi BILDU, motivo polo cal se agradece publicamente.

Con respecto ao ano 2021, menciónase que na proposta de Plan de Traballo do Cgcees se recollen diferentes puntos, entre eles: a visibilización da profesión de Educación social, a participación na axenda política estatal, a posta en marcha da *Escola de Comunicación*, a implementación do portelo único e avanzar na tramitación e aprobación dos Estatutos Xerais do Cgcees, así como, o traballo en Vogalías, Comisións, Comités e Grupos de Traballo, coa reactivación da *Comisión de Xénero e Diversidade*.

3. APROBACIÓN DAS MEMORIAS TÉCNICA E ECONÓMICA 2020.

Memoria Económica 2020

Presenta: Beatriz Caneda Zamar. Tesoureira do Ceesg.

Procede á lectura da Memoria Económica 2020 e do Balance de Situación a 31/12/2020. Destácase o superavit do pasado ano (5.282,80€).

Memoria Técnica 2020

Presenta: Natalia Domínguez Galán. Vicepresidenta da Xunta de Goberno do Ceesg.

Procédese á lectura da Memoria Técnica 2020. Destácase o nº total de colexiadas a 31/12/2020 con 987, cun crecemento positivo de 46 (tramitáronse 113 novas altas e 67 baixas).

Non producíndose intervencións, procédese á votación da Memoria Técnica e Económica 2020:

ACORDO:

A votación á **Memoria Técnica e Económica 2020**: resultou favorable **con 29 votos a favor (24 de colexiadas asistentes e 5 votos delegados), 1 voto en branco e 0 en contra.**

4. PRESENTACIÓN E APROBACIÓN DOS PLANS DE TRABALLO 2021.

Presentan: Selene Arias Sáez, Paula Varela Costa e Sonia González Rodríguez. Vogais e Secretaria da Xunta de Goberno do Ceesg, respectivamente.

Selene Arias Sáez explica que as liñas estratéxicas nos Plans de Traballo 2021 se centrarán na *Lei de Educación Social*, a *Regularización da profesión* e o *Emprego e a Empregabilidade*. Procede á lectura do Plan de Traballo da Área de Comunicación e Participación Colexial.

Sonia González Rodríguez procede á lectura do Plan de Traballo da Área de Acción Sociolaboral e Profesional.

E Paula Varela Costa remata coa lectura do Plan de Traballo da Área de Desenvolvemento Profesional e dos Grupos de Traballo do Ceesg.

Non producíndose intervencións, procédese á votación dos Plans de Traballo 2021:

ACORDO:

A votación aos **Plans de Traballo 2021**: resultou favorable coa **aprobación por unanimidade das persoas asistentes**, con 31 votos a favor (26 de colexiadas asistentes e 5 votos delegados).

5. COTAS COLEXIAIS: CONXELACIÓN DE COTAS NOS EXERCICIOS 2021 E 2022 E CAMPAÑA DE 20º ANIVERSARIO.

Presentan: Beatriz Caneda Zamar e Selene Arias Sáez. Tesoureira e Vogal da Xunta de Goberno.

Propóñense dúas accións:

- a) Unha **conxelación de cotas de mantemento semestral no período 2021-2022**. Proponse manter os mesmos importes do 2020 (73,34€ cota xeral; 36,67€ cota desempregadas ou situacións asimiladas e 55€ cota <SMI).
- b) Preséntase a **Campaña CAMIÑA CON NÓS**. Campaña 20 que comprende tres posibles bonificacións (acumulables, no seu caso):

- **Cotas de Fidelización** en función da antigüidade na colexiación ininterrompida (desconto directo a aplicar na cota de mantemento semestral do 2º semestre de 2021, aplicable de oficio)
 - 20 anos de colexiación - 20€ de desconto
 - 15 anos de colexiación - 15€ de desconto
 - 10 anos de colexiación - 10€ de desconto
 - 5 anos de colexiación - 5€ de desconto
- Campaña “*Se traes a outra EDUSA*”. Se unha colexiada facilita a colexiación a outra que desexe colexiarse: a nova colexiada non pagará a cota de alta e a xa colexiada beneficiase dun desconto do 20% na cota do seguinte semestre. Campaña limitada a facilitar a colexiación de 1 persoa e require presentar un impreso de solicitude de acollemento á campaña asinado por ambas persoas.
- Redución do 20% na Cota de Alta de 65€ no exercicio 2021. As persoas cunha antigüidade na titulación universitaria superior a 2 anos, poderán beneficiarse dun desconto do 20% na cota de alta, neste exercicio 2021, quedándolle reducida a 52€.

Non producíndose intervencións, procédese á votación das dúas propostas deste punto da orde do día:

ACORDO:

A votación á **conxelación de cotas de mantemento semestral no período 2021-2022**: resultou favorable coa **aprobación por 32 votos a favor** (27 de colexiadas asistentes e 5 votos delegados)

ACORDO:

A votación á **Campaña 20 aniversario “Camiña con nós”**: resultou favorable coa **aprobación por 31 votos a favor** (26 de colexiadas asistentes e 5 votos delegados) e **1 voto en branco**

6. PRESENTACIÓN E APROBACIÓN DO ORZAMENTO 2021.

Presenta: Beatriz Caneda Zamar. Tesoureira do Ceesg.

Procede á lectura e exposición da proposta de **Orzamento A 2021**, que recolle menor estimación de ingresos derivada das bonificacións a aplicar pola recén aprobada Campaña 20 aniversario “*Camiña con nós*”. A proposta prevé unha estimación de ingresos e de gastos por importe de 143.299,84€.

Intervencións ao Orzamento:

- Colexiada nº 16. Consulta o motivo polo que descende a partida de gasto de *Persoal contratado do Ceesg* en vez de subir que sería o habitual.
 - Resposta de Beatriz Caneda Zamar, Tesoureira, e a Secretaria Técnica do Ceesg. Informan que se debe a que en 2020 mantívose unha contratación temporal a tempo parcial 4 meses (desde outubro 2019 ata abril 2020), en relación á OPE de Educadoras/es da Xunta de Galicia e, ademais, a Educadora Social do Ceesg na quenda de inverno (outubro a maio) reduciu a súa xornada en 5 horas semanais por coidado de menores.
- Colexiada nº13. Consulta en relación á partida de gasto de “*Deseño nova Galeduso e impresión Guías de Servizos e Doc.profesionalizadores*” da Área de Comunicación e Participación Colexial, se está previsto sacar un novo número de Galeduso neste ano.
 - Resposta de Beatriz Caneda Zamar, Tesoureira, Selene Arias Sáez, Coordinadora da Área de Comunicación e Participación Colexial e a

Secretaría Técnica do Ceesg. Informan que non está previsto que neste ano 2021 se edite unha nova Galeduso. Esa partida de gasto está destinada maiormente a servizo de imprenta para sacar unha nova partida de *Guías de Servizos* e de *Documentos profesionalizadores*, así como para a difusión dos exemplares de Galeduso nº 13 dos que dispoñemos no colexio. En relación á Galeduso estimouse a posibilidade de incurrir nun importe reducido de gasto derivado do posible inicio de recopilación de artigos para unha nova edición de Galeduso e unha posible versión en pdf como moito.

- Colexiada nº 16: Consulta en relación á partida de gasto de “*Traballos de Dixitalización*”
 - Resposta de Secretaría Técnica do Ceesg: informa que se contratou cunha empresa consistente en tres fases: a de dixitalización da colexiación, que permitirá formalizar a colexiación 100% dixital, incluíndo pasarela de pago e huella dixital ou equivalente para garantir a autentificación de todas as notificacións que calquera colexiada faga co colexio, asociadas á súa ficha dixital de colexiadas (fase que xa está en marcha) e dúas fases máis para dispoñer dunha plataforma propia de formación en liña e un último módulo de Xunta de Goberno. Neste ano intentarase pechar a 1ª fase e avanzar nunha das outras dúas.

Non producíndose máis intervencións, procédese á votación do Orzamento 2021:

ACORDO:

A votación ao **Orzamento 2021**: resultou favorable coa **aprobación por 29 votos a favor** (24 de colexiadas asistentes e 5 votos delegados), **2 votos en branco e 1 voto en contra**.

7. SUXESTIÓNS E PREGUNTAS.

-VOGAL, Pilar Ramallal Fernández. Procede á lectura de 2 Suxestións formuladas pola Vogal Belén Piñeiro Álvarez: por unha banda, fai un *chamamento á participación nos Grupos de Traballo do Ceesg* e, por outra, propón que a *presentación da revista Galeduso se leve ás Universidades e outros organismos*.

- Resposta: Tómase nota das propostas e no chat da Videoconferencia ofrécense a participar para reactivar o Grupo de Traballo Escaravellando as persoas colexiadas nº 2, 4 e 8.

-Colexiada 13: Suxestión. Propón para valoración a gratuidade de cotas para colexiadas/os xubiladas/os cara á súa votación na Asemblea Xeral 2022.

– Resposta: Recollemos a proposta.

Remata a sesión de Asemblea Xeral ás 13:40h, agradecendo a asistencia e participación de todas as persoas presentes.